



PLAN DIXITAL

[IES Illa de San Simón]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES Illa de San Simón está situado na Avenida Mendiño nº 28 no Concello de Redondela. O noso enderezo de correo é ies.san.simon@edu.xunta.gal. No centro impártese exclusivamente a ESO. A matrícula no curso 2021-2022 foi de 241 alumnos. Contamos cunha plantilla de 28 profesores máis dous docentes dentro do programa ARCO e PROA+.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A actividade económica das familias do noso centro está moi ligada ao mar. Unha pequena porcentaxe da poboación de Redondela pertence ao sector primario, a pesar de que o clima benigno das rías Baixas propicia as colleitas temperás de produtos da horta e os viños. No sector secundario destacan as industrias da conserva, conxelados e o textil. No sector terciario inclúese o resto da poboación, que se adica na súa maioría ao pequeno comercio. O feito de que esta vila forme parte da ruta xacobeá propiciou unha grande oferta en hostelería, albergues e comercios relacionados co camino de Santiago.

O centro participa en distintos programas e proxectos entre os que destacan:

Contratos Programa (CPInclúe e CPRecupera-T (Arco e PROA+), Programa Cidades Amigas da Infancia, Club de Ciencias, Club de Lectura, PLAMBE e Depoemprende na ESO. En todos eles está presente a tecnoloxía dixital en maior ou menor medida.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital enmárcase dentro da seguinte normativa:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O PD foi elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital formado polo Equipo Directivo, o Departamento de Tecnoloxía e o profesor Coordinador do Proxecto PLAMBE.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro dispón de conexións cableadas e wifi. Tódalas aulas están dixitalizadas con portátiles, PDI e canóns, equipamento E-Dixgal nas aulas de 1ºESO e portátiles para uso do alumnado na biblioteca. Todos os departamentos dispoñen de equipos informáticos. Existe ademais unha aula de informática equipada con 24 ordenadores de sobremesa.

O centro utiliza servizos dixitais educativos que facilitan a xestión dixital docente tales como páxina web, aula virtual, Agueiro, E-Dixgal, espazoAbalar e Abalarmóvil. A páxina web está sobre o dominio da Xunta. O centro dispón de Blog da Biblioteca e Blog do Club de Lectura.

O centro usa ademais Facebook para dar difusión de actos e actividades de interese para a comunidade. Por ese motivo na matrícula do alumno pídesse ao inicio de curso a autorización de imaxe aos titores legais.

O arquivos almacénanse nos ordenadores existentes nos despachos do equipo directivo.

A xestión do mantemento e equipamento do centro faise a través dunha empresa externa, a UAC e o Servizo Premium Edixgal.

O centro dispón ademais de Plan de continxencia vixente desde o periodo da pandemia.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE. Recóllese na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,8			
	Profesorado		3,1			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		4,3			
	Profesorado		2,9			
	Alumnado		2,6			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4,4			
	Profesorado		3,1			
	Alumnado		2,9			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		5			
	Profesorado		3,9			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4			
	Profesorado		3,7			
	Alumnado		3,5			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		4			
	Profesorado		3,2			
	Alumnado		3,6			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,6			
	Profesorado		2,9			
	Alumnado		2,6			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,8			
	Profesorado		3,5			
	Alumnado		2,7			

Test CDD. Recóllese nas seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado

PERFIL	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	23	78,3
PROVISIONAL	1	1	100
INTERINO	3	5	60
SUBSTITUTO	0	2	0
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	67	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

Nivel	Total profesorado no nivel de competencia	%de profesorado participante neste nivel
A1	4	18,2
A2	7	31,8
B1	5	22,7
B2	5	22,7
C1	1	4,5
TOTAL	22	22

2.3. Análise DAFO

A análise DAFO foi xerada a partir do Informe SELFIE o que permitiu o coñecemento da realidade do centro no eido dixital, facilitando a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e acción a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	• O centro dispón de lousas dixitais e ordenadores en tódalas aulas. • O centro dispón de mecanismos de protección de datos. • A conexión a internet é fiable. • A revisión e mantemento de instalacións e equipamento é unha constante. • A biblioteca posúe infraestructuras tecnolóxicas.	• O centro posúe limitacións respecto ao espazo escolar. • O apoio técnico é limitado. • O centro non dispón de aula de informática equipada con mobiliario. • Falta de espazo adecuado para conferencias, xuntanzas. • Disponibilidade de unha intranet que permita unha xestión eficiente.
	PERSOAL DOCENTE	• A maioría do profesorado apoia o desenvolvemento profesional continuado. • A maioría do profesorado ten destino definitivo no centro e ten actitude favorable cara o uso das tecnoloxías • A maioría do profesorado amosa interese e empatía co alumnado.	• Gran parte do profesorado posúe competencia dixital insuficiente ou medo ao uso das novas tecnoloxías, o que provoca inmovilismo. • O profesorado carece de tempo no horario presencial para colaborar nos distintos proxectos. • Parte do profesorado adica pouco tempo da súa práctica docente na aula no uso das tecnoloxías dixitais. • Uso de metodoloxías tradicionais • Deficiente cultura de traballo en equipo.
	PERSOAL NON DOCENTE	• O persoal non docente (administrativa e conserxe) coñece os aspectos básicos da tecnoloxía dixital para o desenvolvemento das súastarefas. • O persoal non docente colabora en tarefas alleas ó seu posto na procura de maior efectividade.	• O persoal non docente non ten destino definitivo no centro e iso crea inseguridade respecto ao seu futuro profesional.
	ALUMNADO	• O alumnado implícase e colabora na adopción de tecnoloxías dixitais. • O alumnado é responsable, colaborador e pouco conflitivo. • O alumnado utiliza as tecnoloxías no fogar con fines de aprendizaxe. • Gran parte do alumnado ten acceso	• Parte do alumnado ten acceso limitado a conexión estable de internet nos seus fogares. • Parte do alumnado usa a tecnoloxía no fogar para o ocio. • Gran parte do alumnado con máis

		a dispositivo dixital adecuado para realizar o seu traballo escolar.	dificultades non conta con apoio no fogar. • Posibles problemas de ámbito social a raíz da pandemia ou da guerra na Ucraína.
	FAMILIAS	As familias son receptivas ás tecnoloxías dixitais pois seus fillos cursaron primaria no programa Edixgal	A competencial dixital do profesorado pode non cumprir as expectativas das familias.
	OFERTA	• A oferta educativa do centro inclúe materias implicadas na adquisición de tecnoloxía dixital, tales como TIC ou Programación. • No centro estase a implantar a Educación Edixgal de forma progresiva en todos os cursos da etapa.	• As materias implicadas na adquisición de tecnoloxía dixital son optativas e polo tanto non son cursadas por todo o alumnado. • A rixidez da plantilla de profesorado non propicia a aparición de novas materias de libre configuración en primeiro e segundo de eso.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	• O centro só emprega servizos dixitais educativos corporativos (web, aula virtual, correo corporativo, abalar) para comunicarse coa comunidade educativa. • O equipo directivo e unha pequena parte do profesorado promove o emprego de software libre no ámbito educativo. • O centro promove a creación conxunta de coñecemento a través da organización do Plan de Formación en Centros de traballo. • Concienciación do equipo directivo da importancia do uso das TIC e da realización dun plan dixital de centro real e práctico.	• A falta de profesorado implica o aumento de materias afíns impartidas por profesorado non especialista. • Falta de tempo para a coordinación entre o profesorado.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	• A administración fomenta o uso da tecnoloxía dixital a través do programa Edixgal. • A administración educativa presenta actividades formativas individuais para actualizar as competencias dixitais do profesorado.	• A administración educativa pode reducir a oferta de equipamento dada a escaseza de recursos derivada da situación xeopolítica mundial. • As instrucións chegan constantemente tarde sen deixar tempo para meditar, tendo que recorrer á miúdo á improvisación.

	LEXISLACIÓN	• O equipo directivo coñece a normativa relativa á adquisición de equipamento informático para os centros educativos. • O equipo directivo coñece tódalas ferramentas corporativas da Xunta.	• Incerteza sobre os cambios na nova lei LOMLOE. • Excesiva burocracia e papeleo que restan enerxía e ganas.
	ANPA	• A ANPA defende o uso da tecnoloxía na aula pois o alumnado cursou o Programa de Educación Dixital na Primaria e son favorables á súa implantación na Educación Secundaria.	• O risco que conleva o mal uso das ferramentas dixitais.
	OUTRAS ENTIDADES	• O centro está en contacto co Concello e existe boa disposición por parte deste para colaborar en distintos aspectos educativos . • Imaxe de modernidade e continua renovación ante as institucións.	• O concello pode non cumprir co seu compromiso na mellora das instalacións. • O concello pode non chegar a cubrir cos gastos derivados do uso das instalacións. • Os grupos de whatsapps de país e nais que valoran conflitos se comunícalos ao centro. • A existencia de familias reticentes a metodoloxías emerxentes.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

"Área/s de mellora":Desenvolvemento Profesional Continuo							
1. OBXECTIVO (1):		Uso de aplicacións corporativas da Consellería para elaboración de programacións, comunicacións, etc.				Acadado	
RESPONSABLE:		Equipo Directivo/ Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Consecución de todo o profesorado de destrezas de uso destas aplicacións (PROENS, ABALAR, AGUEIRO...)					
Valor de partida (3)		75 % do profesorado					
Valor previsto e data (4)		100 % do profesorado consiga esta competencia			Ao remate do curso 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1:Charlas formativas sobre as ferramentas corporativas e o seu uso.	Equipo Directivo	1º Trimestre do curso 2022-2023	Charlas e microcursos presenciais Aula de Informática		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: PFPP con liña específica	Equipo Directivo	2º Trimestre do curso 2022-2023	Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Elaboración de plantillas básicas para o uso do profesorado	Coordinador TIC	1º Trimestre do curso 2022-2023	CCP para analizar que plantillas se elaboran.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula							
1. OBXECTIVO (2):		Implementación do Proxecto "DEPOEMPRENDE na ESO" en 4ºESO (Itinerario Aplicadas)				Acadado	
RESPONSABLE:		DPTO. de Matemáticas				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Consecución dos obxectivos parciais e observación final do proxecto (MERCADO)					
Valor de partida (3)		Menos do 50 % non posúe competencia dixital					
Valor previsto e data (4)		Que todo o alumnado acade unas competencias mínimas			Ao remate do curso 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo con funcións diferenciadas	O profesorado da materia de IAEE	Xuño de 2023	Biblioteca, Ordenadores, Set de Video, CROMA, radio escolar.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula							
1. OBXECTIVO (3):		Implementar o Proxecto Interdisciplinar en 1ºESO que fomente o uso das TICS				Acadado	
RESPONSABLE:		Departamentos didácticos responsables				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Non existe proxecto interdisciplinar en 1ºESO					
Valor de partida (3)		Ningún proxecto interdisciplinar en 1ºESO					
Valor previsto e data (4)		Un proxecto interdisciplinar por trimestre			Ao remate do curso 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Creación de grupos de traballo interdisciplinar	Equipo directivo e departamentos	1º Trimestre do curso 2022-2023	Acta de reunión		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Creación de grupos de traballo interdisciplinar	Equipo directivo e departamentos	2º Trimestre do curso 2022-2023	Acta de reunión		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Creación de grupos de traballo interdisciplinar	Equipo directivo e departamentos	3º Trimestre do curso 2022-2023	Acta de reunión		Realizada		
					Aprazada		
					Pendent		

"Área/s de mellora": Desenvolvemento Profesional Continuo							
1. OBXECTIVO (4):	Fomentar a cultura do traballo a distancia usando ferramentas de video conferencia para reunións					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O profesorado emprega a plataforma webex para asistir a reunión telemáticamente (Claustros, Consellos Escolares) e ferramentas para compartir información online (Aqueiro)						
Valor de partida (3)	100 % Webex 0 % Aqueiro						
Valor previsto e data (4)	100 % tanto webex como Aqueiro				30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Determinar as necesidades de equipos webex na sala de profesores	Equipo Directivo	1ºTrimestre	Dispositivos de vídeo conferencias		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Formar ao profesorado nos rudimentos básicos da Rede Aqueiro	Equipo Directivo	2ºTrimestre	Rede Aqueiro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3:Formar ao alumnado nos rudimentos básicos da Rede Aqueiro	Persoas titoras de cada grupo	3ºTrimestre	Rede Aqueiro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": Infraestrutura e Equipos						
1. OBXECTIVO (5):	Actualizar os equipos dixitais da biblioteca				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora das TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de equipos da biblioteca con hardware anterior a 2014 actualizados					
Valor de partida (3)	0 % de equipos					
Valor previsto e data (4)	100 % de equipos de biblioteca con hardware anterior a 2014 actualizados			15/12/2022		
DESCRICIÓN (5)	Responsables	Data prevista fin	Recursos necesarios	Seguemento da acción		
				Valoración da acción	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar as necesidades de cada equipo na biblioteca	Persoa coordinadora das TICS	1/11/2022	Acta coas necesidades		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar os discos duros sólidos e a ampliar a memoria RAM dos equipos máis obsoletos.	Persoa coordinadora das TICS e persoa secretaria do centro	15/12/2022	Equipos actualizados para a biblioteca		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

É necesario instalar discos duros sólidos e ampliar a memoria RAM dos equipos máis obsoletos da biblioteca.

Precísase equipamento de video conferencia para a sala do profesorado ao fin de mellorar as reunión webex.

Precísase unha nova impresora para centralizar e poder imprimir desde todos os departamentos.

4. Avaliación do plan

*En canto a **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*

*En canto a **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será difundido entre toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro.